

# **NORMAS COVID**

**CURSO 2020/2021**

**CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL**

# ANTES DE IR AO COLE

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Antes de saír da casa faremos a enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19 para identificar algún indicador de sospeita de ter infección por coronavirus.



# AVISAR



Se se detecta algún dos síntomas deberemos:

- Quedar na casa
- Avisar ao colexio
- Poñernos en contacto co centro de saúde ou pediatra.

# AVISAR NA ESCOLA



Se nos encontramos mal na escola debemos avisar ao profesorado, que poderá medirme a temperatura e en caso de ter síntomas compatibles coa COVID 19, trasladarme á aula COVID. Avisarase á familia.

# ENFERMIDADE

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

# ENFERMIDADE

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.



# ENTRADA AO COLE

## infantil



ENTRADAS		
CURSO	HORA	LUGAR
6º A E.I	09:00	ENTRADA EDUCACIÓN INFANTIL
6º B E.I	09:00	COMEDOR

ENTRADAS		
CURSO	HORA	LUGAR
5º A E.I	09:05	ENTRADA EDUCACIÓN INFANTIL
5º B E.I	09:05	COMEDOR

ENTRADAS		
CURSO	HORA	LUGAR
4º A E.I	09:10	ENTRADA EDUCACIÓN INFANTIL
4º B E.I	09:10	COMEDOR

Só poderán entrar cun só acompañante e esperarán a súa queda nas inmediacións á entrada de ed.infantil (patio exterior – xardín) e estará prohibido o uso de xoguetes do patio.

Accesos do alumnado de INFANTIL:

- Pola porta pequena pegada ao pavillón ou pola porta principal.

# ENTRADA AO COLE

1º e 2º



HORA DE ENTRADA  
8.50

Os adultos acompañantes non poderán acceder ao recinto escolar.

Accesos do alumnado de 1º e 2º de EP:

- Transporte: serán guiados polo profesorado de garda.
- Peóns: o alumnado que entre pola porta principal, dirixirase pola dereita do camiño cara a porta da dereita (próxima a conserxería), dentro terán as frechas que sinalarán a súa aula. O alumnado que acceda pola porta lateral do pavillón avanzarán polo lateral do edificio ata entrada principal.





# ENTRADA AO COLE

3º



HORA DE ENTRADA  
8.50

Os adultos acompañantes non poderán acceder ao recinto escolar.

Accesos do alumnado de 3º de EP:

- Transporte: dirixíranse ao interior do edificio pola porta dos aseos de nenas.
- Peóns: o alumnado que entre pola porta principal, accederán pola porta da dereita (próxima a conserxería). O alumnado que acceda pola porta lateral do pavillón dirixírase cara as escaleiras pegadas ao edificio e entrarán pola porta dos aseos de nenas.



# ENTRADA AO COLE

4<sup>o</sup>



HORA DE ENTRADA  
8.50

Os adultos acompañantes non poderán acceder ao recinto escolar.

Accesos do alumnado de 4<sup>o</sup> de EP:

- Transporte: agardarán no pavillón e serán acompañados polo profesorado de garda.
- Peóns: o alumnado que entre pola porta principal, accederá ao centro pola porta da dereita (próxima a conserxería). O alumnado que acceda pola porta lateral do pavillón dirixirase cara a porta principal pegados ao edificio.



# ENTRADA AO COLE

5º e 6º



HORA DE ENTRADA  
8.50

Os adultos acompañantes non poderán acceder ao recinto escolar.


Accesos do alumnado de 5º e 6º de EP:

- Transporte: dirixiranse directamente ás súas aulas entrando pola porta dos aseos dos nenos.
- Peóns: o alumnado que entre pola porta principal accederá ao centro pola porta da esquerda (próxima a secretaría). O alumnado que acceda pola porta lateral do pavillón entrará igual que o alumnado de transporte. Todos se dirixirán ás escaleiras que se atopan entre os edificios de primaria e infantil.



5º e 6º

# ENTRADAS E.PRIMARIA



# LAVADO DE MANS



Lavamos con frecuencia as mans:

- Ao entrar e saír da clase.
- Antes e despois de comer.
- Antes e despois de ir ao baño.

# CANDO TUSIMOS




Se tusimos ou esbirramos, cubrimos o nariz e a boca cun pano.

Se non temos, utilizamos o cóbdo, pero nunca as mans.


Alonxámonos dos demais.

# CANDO TUSIMOS



Tiraremos o pano no lixo e despois lavamos ou desinfectamos as mans.


# MEDIDAS DE HIXIENE



- Evitamos tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Nas aulas e no resto das instalacións do centro haberá xel para a desinfección de mans, lavado con xabón varias veces durante a mañá e desinfectantes para o material.
- Rexistraranse as ventilacións frecuentes nas aulas e a limpeza dos aseos.



# DISTANCIA DE SEGURIDADE



Mantemos a distancia de  
seguridade nos  
desprazamentos.


# A MÁSCARA



O uso da máscara é obrigatorio en E. Primaria. Temos que traer unha de reposto e un estoxo específico identificado. Só poderemos quitala para merendar.

# A MÁSCARA

A máscara debe cubrir a boca e o nariz.  
Só debemos tocala polas cintas.  
Non debemos reutilizar as de un só uso.



# AULAS GRUPO CONVIVENCIA

Cada aula funcionará como un grupo de convivencia.

O alumnado de cada aula poderá relacionarse sen gardar a distancia de seguridade.



# AULAS GRUPO CONVIVENCIA

infantil

- Na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que serán subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.
- As filas conformaranse deixando un espazo entre cada alumno/a.



# AULAS GRUPO CONVIVENCIA

Cada grupo terá todas as materias na súa clase, excepto E. Física e Relixión.

Non se relacionará co resto dos grupos, mantendo sempre a distancia de 1,5 m.



# AULAS GRUPO CONVIVENCIA

A distancia a manter entre os postos escolares será a máxima que permita a aula.  
Cada alumno/a terá asignada unha mesa.



# USO DE MATERIAIS

O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos compañeiros.

Recoméndase que cada alumno/a garde o seu material nun estoxo propio.





# USO DE MATERIAIS



O uso de material compartilhado será realizado baixo a supervisão do professorado, fazendo posteriormente a desinfecção precisa.

# BAÑOS

Lavaranse as mans antes e despois de ir ao baño.

Antes de entrar comprobarase se xa hai dúas tarxetas na porta; de ser así, haberá que voltar a clase para ir máis tarde.



# BAÑOS

Nos recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado comprobando que se cumpra o aforo establecido e asegurando que se mantén a distancia de seguridade nas filas de entrada e saída.



# DESPRAZAMENTOS



As entradas e saídas das clases realizaranse de forma ordenada e continua, de 1 en 1 deixando a distancia de seguridade.

De coincidir con outro grupo sempre se manterá a distancia de 1,5 metros.

○ desprazamento faranse seguindo as frechas indicativas.

# RECREOS

Merendarase de forma individual, non podemos compartir, no patio e gardaremos os tupper nunha caixa de aula. Dentro da aula a mestra repartirá os tupper.

O alumnado permanecerá sentado mentres merenda.



# RECREOS

Cada grupo terá unha zona de patio asignada.

Manteranse os grupos de convivencia estable.

Haberá 3 quendas de recreo.



# RECREOS

Non se permitirán os xogos de contacto nin o uso de obxectos ou xoguetes que poidan ser compartidos.

O alumnado non poderá traer obxectos, xoguetes...da súa casa.

Intensificarase a supervisión do profesorado.



# ASPECTOS ACADÉMICOS

- O profesorado considerará o traballo do terceiro trimestre do curso pasado que non se realizou e elaborará un Plan de Reforzo para o primeiro trimestre. Reorganizará as aprendizaxes deste curso e atenderá aspectos dixitais e emocionais necesarios.



# SAÍDAS

## HORARIOS INFANTIL

- 13.30 – saída ao comedor.  
Recollen ao alumnado dentro da aula.
- 13:35 – saída alumnado transporte.
- 13.40 – saída 3 anos.
- 13.45 – saída 4 anos.
- 13.50 – saída 5 anos.

# SAÍDAS

## HORARIOS PRIMARIA

- 13.45 – saída ao comedor. Recollen ao alumnado na aula (infantil, 1º, 2º e 3º). O resto diríxense ao comedor sós.
- 13.50 – saída de 1º e 2º pola porta da Rúa do Saber.
  - saída de 3º ao exterior acompañados do mestre/a pola porta pequena pegada ao pavillón; recoméndase evitar aglomeracións.
- 14.00 – saída de 4º acompañados por un mestre/a pola porta do lateral do pavillón.
- 14.05 – saída de 5º e 6º acompañados por un mestre/a.

# SAÍDAS

INFANTIL



1°, 2°, 5°, 6°

3° e 4°



# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Está prevista a continuidade das actividades extraescolares. As medidas serán as mesmas que para o comedor. Poden compartir espazos e manteranse os grupos de convivencia.

# VISITAS AO CENTRO, REUNIÓNS E TITORÍAS

- As familias acudirán ao centro cando sexa IMPRESCINDIBLE, resolvendo preferentemente a distancia.
- As reunións poderán ser telemáticas (teléfono, videoconferencia) ou presenciais, se a situación o require, e SEMPRE CON CITA PREVIA e garantindo as medidas de seguridade.
- A comunicación cos titores/as será mediante:
  - Sobres nas mochilas.
  - Aplicación ABALAR móvil.
  - Correo electrónico

# A REGRA DOS 3 EMES

USA BEN A **M**ÁSCARA  
**M**ANS LIMPAS

MANTÉN AS



RESPECTA OS **M**ETROS DE SEGURIDADE



**ESE VIRUS**, PARÁMOLO UNIDXS